

Cambio Climático. A punta dun iceberg dun modelo insostible

O mundo está cambiando. A crise económica, ambiental e social son diferentes manifestacións de desenvolvemento insostible baseado nos principios de explotación dos recursos para extraer o máximo beneficio no menor tempo posible, sen considerar o impacto que isto xera nos ecosistemas e as poboacións.

O cambio climático é só a punta do iceberg deste modelo insostible. Fai máis de 20 anos, os científicos comezaron a alertar do aumento da temperatura media global e o seu impacto no complexo sistema climático. En 1998 creouse o Panel Intergubernamental para o Cambio Climático (IPCC) que ata a data ven de publicar 4 informes que confirman a evidencia deste cambios no clima e a súa correlación directa coas actividades humanas.

Por que se está quentando o planeta?

O cambio climático está ocasionado principalmente pola queima de combustibles fósiles (carbón, petróleo e gas) que na súa combustión para producir enerxía liberan CO₂ á atmosfera. Desde a revolución industrial, o modelo de desenvolvemento tivo como motor a estas fontes de enerxía. Sen embargo, os impactos ambientais que produce este modelo, así como o custoso do mesmo, fan **necesaria a transición cara a un modelo enerxético baseado no aforro, a eficiencia, as enerxías renovables e a xustiza social.**

Cambio Climático. A punta dun iceberg dun modelo insostible, en WWW http://www.wwf.es/que_hacemos/cambio_climatico/, [01/12/2015]